

PREGO TÉCNICO XESTIÓN E RECADACIÓN DA TAXA DE RECOLLIDA DO LIXO

O Concello de Narón outorgará a concesión para a xestión tributaria e recadación da taxa por recollida de lixo na zona urbana e rural en período voluntario, devolucións de ingresos por recollida de lixo, tramitación, concesión e posterior execución de fraccionamento e aprazamento de pago polos mesmos conceptos e recadación en voluntaria do padrón fiscal correspondente aos trimestres comprendidos entre o cuarto trimestre do ano 2015 ata o terceiro trimestre do ano 2017 (ámbolos dous incluídos) por taxa de recollida de lixo. Así coma recadación do padrón de anos anteriores previo envío a vía executiva.

O contratista disporá dunha organización técnica económica e persoal suficiente para a adecuada prestación do servizo. Deberá nomear un representante, debidamente acreditado, mediante o cal se canalicen as relacións derivadas do servizo, para o que se sinalará o enderezo para os efectos de comunicacións e notificacións.

Debendo cumprir, o adxudicatario, coas seguintes condicións:

1. Estará obrigado a dispoñer dun local, propio ou alugado, que reúna as debidas condicións de salubridade, amplitude e decoro. No mesmo, disporá dun mínimo de 20 m² para a atención ao público. Debendo situarse o local dentro do termino municipal do Concello de Narón.
2. O horario de apertura da oficina será o indicado polo propio Concello, non sendo este inferior a catro (4) horas diarias (días laborables).
3. Estará obrigado a dispoñer dunha liña telefónica e persoal suficiente para atender a mesma, durante un mínimo de sete (7) horas diarias (días laborables).
4. Emitirá de forma trimestral os recibos correspondentes á taxa de lixo, e enviaraos por correo a todos os usuarios do servizo. Estimando unha cantidade anual de 77.219 recibos (divididos en catro trimestres) e un importe total do padrón anual de 2.832.631,42 euros, tomando como base os datos correspondentes ao ano 2014.
5. Enviará por correo, recordatorios de impago, a todos aqueles usuarios que teñan domiciliado o recibo e fora devolto por parte da entidade bancaria. Estes envíos realizaranse de forma trimestral.
6. Dará a posibilidade de domiciliar os recibos, sen custe adicional ao usuario. Debendo facerse cargo dos custes derivados destas domiciliacións o adxudicatario.
7. Trimestralmente efectuará o ingreso das cantidades recadadas na conta bancaria que lle sexa sinalada polo Concello para o efecto, remitindo resgardo ou ingreso á Tesourería Municipal. Para a aplicación orzamentaria dos ingresos, achegándose ao indicado resgardo detallado dos conceptos

ingresados, e factura dos premios de cobranza correspondentes polos cobros efectuados que lle será aboada previo informe conxunto de Intervención — Tesourería. As cantidades recadadas diferenciaranse entre as correspondentes ao último padrón aprobado, das correspondentes a padróns anteriores e atrasos (baixas, fraudes, ...).

8. Anualmente renderá contar ao Concello da recadación do ano anterior.
9. Anualmente entregará ao Concello unha relación de incobrados, así como os recibos correspondentes, para continuar a súa tramitación en vía executiva polo Concello. A relación de incobrados deberá adaptarse ás bases promulgadas pola Excm. Deputación Provincial da Coruña, xa que o Concello de Narón delegou neste Organismo o cobro en vía executiva.
10. Trimestralmente remitirá a este Concello:
 - Proposta xustificada de anulación de recibos por insolvencias, incobrables e outras causas, así como os recibos correspondentes á mesma, para a súa tramitación e resolución posterior polo Concello.
 - Relación de aprazamentos e fraccionamentos concedidos.
11. Deberá contratar as pólizas de seguro necesarias para cubrir a posible responsabilidade civil. Esta póliza cubrirá un mínimo de 300.506,00 euros.

Así mesmo, deberá de presentar unha memoria cun programa de traballo que recolla como mínimo os seguintes puntos:

1. Revisión do padrón de lixo.
2. Detección de fraudes e regularización do padrón.
3. Emisión e envío dos recibos.
4. Canais de comunicación cos usuarios.
5. Recepción e resolución de reclamacións.

O Concello de Narón, non se fará responsable das obrigas contraídas polo contratista con terceiras persoas, nin dos danos e perdas que poida ocasionar.

Existirá un libro de reclamación, paxinado e visado polo Concello, no que os usuarios poderán facer consta-las queixas que estimen pertinentes.

Dado o carácter e fin deste servizo, enténdese que non existe relación ningunha de dependencia, fora da que resulte das presentes cláusulas entre o Concello e o adxudicatario. Polo que este, así como o persoal auxiliar, non consolidarán dereito ningún como funcionarios do Concello ou ningunha outra relación laboral.

O Concello de Narón, poderá acordar o comezo da execución do contrato, aínda sen ter formalizado este, se aprecia urxencia.

Narón, 15 de outubro de 2015

O xefe do servizo de Intervención e Facenda


Manuel G. Antón Villamil

